

TOMÁS VEGA PATO

Naceu en Manzaneda (Ourense) en 1938.

A súa investigación, no tempo que lle deixa libre o seu labor profesional, desenvólvese con prioridade no campo da etnografía, interesándose ademais pola heráldica. A fotografía mailo debuxo ocupan tamén boa parte do seu tempo, tanto profesional como de ocio.



“Xocas”.

Fotógrafo e debuxante.

Fotografado e debuxado.

Tomás Vega Pato

Neste ano de 1999 cumpiuse o décimo aniversario da morte do que foi mestre no labor de investigar, recoller e transmitir a cultura popular: Xaquín Lorenzo Fernández, “Xocas”. Nas longas conversas que ambos sostiñamo-los

mércoros adoitaba dicirme que un bo etnógrafo só era aquel que reunía as cualidades seguintes: ser observador, rigoroso, metódico e sentir paixón pola disciplina. Pero tamén engadía como indispensable o dominio das técnicas de **debuxo** e a **fotografía**.

É destas dúas facetas súas, que como é ben sabido dominaba, do que quero ocuparme nestas páxinas. No ánimo de facer un traballo que non se limite só a por de manifesto estas dúas habilidades súas, senón que sirva de homenaxe a tan querido personaxe,




Fig. 1



ocorréuseme que podería resultar de interese mostralo como debuxante e fotógrafo, e tamén como “Xocas debuxado” e “Xocas fotografado”. Este planeamento podería resultar non só interesante senón novedoso, xa que algunhas das aportacións que se fan son inéditas, e outras pouco coñecidas. Inclúense no traballo fotografías artísticas, retratos, ilustracións, caricaturas, debuxos alegóricos, etc.




Fig. 2

Fig. 3



Fig. 4





Fig. 5

súa resistencia a rachar ou ó desgaste, senón polo efecto resorte que se precisaba, capaz de non experimentar apenas fatiga co tempo e co uso.

Da fotografía artística de Xaquín Lorenzo, consérvase un bo número de negativos, en tamaño grande, 9x12 cms, e algo menores, 6x9 cms. Os soportes emulsionados son en vidro, tódolos de 9x12, e soporte convencional flexible os de 6x9. Consérvanse tamén algúns positivos orixinais, todos de reducido tamaño.

Entre os positivos elixidos para ilustrar este apartado figuran: “*Casas de Facós, reflectidas nun tapón de vidro*” (fig. 3); “*Sombras do Quixote e Sancho no solpor*” (fig. 4); nesta foto foi precisa unha maqueta dos personaxes mailo muiño, feitas cunha serra de marquetería, silueta que

XOCAS FOTÓGRAFO

O legado fotográfico de Xaquín Lorenzo é grande. Os seus negativos abrancan toda a paisaxe galega, os costumes, as xentes, os oficios, etc. É esta unha cuestión de todos sabida, pero o que descoñece a maioría é a súa afección á fotografía artística. Bodegóns, paisaxes, efectos especiais, retratos, etc., eran fotografías que el facía, senón con asiduidade, sí como entretenemento. Para a realización de determinadas imaxes recurría a laboriosos procesos nos que era preciso facer complicadas figuras. Empregaba madeira, cartón, area, papel, serraduras, etc.

Tamén modificou os obxectivos das súas primeiras e rudimentarias cámaras fotográficas, coa adición de lentes, ata lograr distintas distancias focais, partindo do obxectivo “normal”, do que ia provisto o instrumento. Tratábase

de elementais predecesores do que hoxe denominamos duplicadores de focal.

O artiluxo fotográfico máis inxenioso de cantos empregaba Xocas era un pulsador de presión continua, aplicable ó disparador da cámara, realizado con asombrosa perfección, ¡feito en madeira de buxo! Na foto, e na representación gráfica (fig. 1 e 2) poderá o lector apreciar a singularidade deste aparello. A madeira de buxo non foi elixida só pola



Fig. 6



situada a contraluz, xeraría a sombra proxectada sobre serradura que daría lugar á toma fotográfica. Negativo sobre soporte de vidro de 9x12. “Casas reflectidas na auga” (fig. 5); “Unha rosa” (fig. 6); “Nevada en Lobeira” (fig. 7), este é o maior dos positivos orixinais conservados no arquivo consultado; “As carabelas de Colón”, maquetas de papel sobre cartón con pregues que semellan ondas do mar (fig. 8); “Autorre-

Fig. 7



Fig. 8



trato no seu estudio de Facós” (fig. 9); “Estudio de botella e copa de vidro” (fig. 10); “Retrato do seu tío” (fig. 11) e “Paisano de Lobeira” (fig. 12).

O revelado dos negativos mailo positivado dos mesmos tiña lugar as máis das veces no estudio de Augusto Pacheco, con que tiña gran amizade.

As cámaras fotográficas empregadas por Xocas eran sinxelos instrumentos. As primeiras foron de fol, cambiando nos anos 60 e 70 ás reflex monoculares, das que tivo dúas, unha Praktica Super TL, e outra Praktica, LTL (fig. 13-a e 13-b). As dúas dispo-



Fig. 9

Fig. 10



Fig. 11



ñían de exposímetro incorporado, o cal non era óbvice para que se axudara dun preciso fotómetro de man, un Lunaxis, instrumento dos máis perfectos da época.



Fig. 12

No que se refire ó retrato o seu modelo máis recurrido era o seu tío, do que se conservan alomenos sete negativos.

Fig. 13 a



Fig. 13 b



Respecto dos bodegóns destacan os seguintes: *“B. con pementos e mazás”*, *“B. con vaixela”*, *“B. con coello”*, *“B. con froita”*. Outras composicións do estilo foron *“Xarrón con flores”*, *“Composición con búcaro”*, *“Flores de mimosa”* e *“Froitos de millo”*.

Entre as paisaxes figuran: *“P. con neve”*, *“Agro de Lobeira”*, *“P. con penedos”* e *“Río de Lobeira”*.

O meu desexo houbera sido ilustrar este traballo con maior número de fotos, pero, isto, ademais de precisar un espacio maior do disponible, obrigábame a positivar os negativos, cal labor me foi confiado polo autor, no

seu día, para calquera ocasión ou circunstancia, pero preferín optar por incluír unicamente os positivos orixinais.

Outras foron ademais as fotografías de Xocas a maiores das estrictamente etnográficas ou artísticas; a que máis me impressiona delas é un pequeno e deteriorado positivo no que se recolle a escea dunha muller e un home na que cata os piollos, ela, e corta o pelo, el, a dous nenos, respectivamente, ó sol no corredor dunha casa aldeá. Dentro deste tipo do que poderíamos definir como fotografía social convencitar os retratos dos que Xaquín Lorenzo denominaba como *“inocentes”*, personaxes de escasas luces, e carácter bondadoso, case sempre esmolantes, e que nunha aclaración daquela persoal denominación nos definía como *“pobres de espírito”*.

XOCAS DEBUXANTE

Xaquín Lorenzo posuía o dominio da outra técnica que el consideraba imprescindible para o estudio e transmisión da cultura popular, o debuxo, o cal confería un extraordinario valor ós seus traballos. Na *“HISTORIA DE GALIZIA, SEGUNDA PARTE - O HOME”* (Buenos Aires, 1962) deixou amplo testemuño da súa extraordinaria realización gráfica. Debuxos de trazo peculiar, de gran lim-



Fig. 14

peza e capaces de transmitir ó observador unha visión obxectiva da realidade que neles plas-
maba; só a fotografía pura podía
gañarlles, e non sempre, en
obxectividade.

Da idoneidade das ilustracións de
Xocas da idea o feito de que,
hoxe en día, son moitos os auto-




Fig. 15




Fig. 161. - Lugar do viño e a súa muntura: 1, lago; 2, troco; 3, vitor; 4, furo; 5, pino.

Fig. 16



Fig. 17



Fig. 18





Fig. 20




Fig. 19



res que as empregan nos seus traballos de etnografía, e ás veces sen sequera facer mención da autoría.

Como queira que o debuxo, igual que a fotografía, non precisa de moitas explicacións, xa que ambas artes, ou técnicas, falan por si mesmas, inclúense neste traballo algúns dos seus debuxos. Son os seguintes: *“Aldea en*

poleiro, Olelas” (fig. 14); *“Ferramentas de ferreiro”* (fig. 15); *“O lagar”* (fig. 16); *“A meda”* (fig. 17); *“A lareira”* (fig. 18); *“Casa con solaina”* (fig. 19), e *“O mazo e a moa”* (fig. 20).

XOCAS FOTOGRAFADO

Reunir tódalas fotos que de tan significado personaxe se fixeron

Fig. 21





Fig. 22



Fig. 23



Fig. 24

Fig. 25





Fig. 20

resulta punto menos que imposible; sen embargo xulgouse interesante mostrar aquí algunhas -as disponibles- de distintas etapas da vida de Xaquín Lorenzo, elixindo aquelas menos coñecidas ou aqueloutras que son case “retratos oficiais”, como o caso da de Fernando del Río (fig. 21). O resto das incluídas son: “No castelo de Sobroso” (grupo) ano 1935 (fig. 22); “No castelo de Sobroso” (so) 1968 (fig. 23); “Xogando a partida co médico de Lobeira”, c. 1930 (fig. 24), posiblemente tomada por Xocas co auxilio do dispositivo de retardo da cámara, e “Xocas na Pedra Alta de Cortegada, 1987 (fig. 25), tomada por min.



Fig. 27



Fig. 28

XOCAS DEBUXADO

Ó fío do anterior apartado “Xocas debuxante”, pensei que podería resultar de interese mostrar a “Xocas debuxado” e incluír como colofón deste traballo os debuxos nos que está representado, sexan retratos, caricaturas ou debuxos alegóricos.

Os que foi posible xuntar son “Caricatura” obra de Siro (Fig. 26); “Caricatura” por Carlos



Fig. 29

Quesada (Fig. 27): “*Debuxo alegórico*” de Xosé Lois González no xornal “La Región” con motivo do seu pasamento (fig. 28). **Esta ilustración ó meu xuízo, constitúe a máis fermosa homenaxe que se lle fixo a Xaquín Lorenzo.** A *caricatura* e o *apuntamento* (fig. 29-30) que cerran este traballo son da man de quen escribe estas liñas; man que a dicir de Xocas era, nos últimos anos da súa vida, a “súa man”, xa que é sabido que, a causa da ferida que sufriu na súa xuventude no brazo, perdería á mingua a capacidade de debuxar e mesmo de escribir se non era con ímprobo traballo cando tiña que dedicar un libro ou poñer a súa sinatura.



Fig. 30